

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E CINCO DE MAIO DO DOUS MIL VINTE:

EXPTE. NÚM. 2020002669

PRESIDENTE:

Telmo Martín González

CONCELLEIROS/AS:

Juan Antonio Deza Otero (asist. Telemática)

María Paz Lago Martínez Otero (asist. Telemática)

Daniel Arosa Dasilva Otero (asist. Telemática)

María Deza Martínez

Marcos Guisasola Padín Otero (asist. Telemática)

Flavia Besada Otero (asist. Telemática)

Oscar Vilar Sartages (asist. Telemática)

Jaime Leiro Otero (asist. Telemática)

Paula Martínez Santos (asist. Telemática)

Ainhoa Fervenza Celestino (asist. Telemática)

Marta Caneda Prieto (asist. Telemática)

Fernando Otero Montes (asist. Telemática)

Sandra Fernández Agraso (asist. Telemática)

Andrea Ucha Bouzada (asist. Telemática)

Yago Torres Pérez (asist. Telemática)

Vanessa Rodríguez Búa (asist. Telemática)

INTERVENTOR:

José Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO:

Angel Luis López Pita

=====

No despacho da alcaldía e por medios telemáticos a través da aplicación “Zoom” (vídeo conferencia, enlace:

<https://us02web.zoom.us/j/8386227646>

3) sendo as nove horas e trinta minutos do día vinte e cinco de maio de dous mil vinte. Baixo a Presidencia do Alcalde **TELMO MARTÍN GONZÁLEZ**, reuníronse, mediante a asistencia presencial ou telemática, os/as Sres./as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan con indicación da modalidade de asistencia, co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.----



A) ACTAS ANTERIORES:

1º) EXPTE. NÚM. 202000196: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 17 DE XANEIRO DE 2020. Polo Sr. Presidente pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ao acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbese a referenciada acta por unanimidade.**-----

2º) EXPTE. NÚM. 202000508: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 27 DE XANEIRO DE 2020. Polo Sr. Presidente pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ao acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbese a referenciada acta por unanimidade.**-----

3º) EXPTE. NÚM. 202000601: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 09 DE MARZO DE 2020. Polo Sr. Presidente pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ao acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbese a referenciada acta por unanimidade.**-----

B) PARTE DISPOSITIVA:

4º) EXPTE. NÚM. 2019008814: PROPOSTA DA ALCALDÍA RESPECTO DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO PLENO DO CONCELLO DE SANXENXO. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable a proposta da Comisión de Asuntos Xerais do 09 de marzo de 2020.

Non se produciron intervencións, e o Sr. Presidente someteu a referida proposta a votación, sendo **aprobada por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Deixar sen efecto o acordado polo Pleno en sesión ordinaria de data 27 de xaneiro de 2020 en relación ao expediente núm. 2019008814 “Proposta da Alcaldía para a creación da Mesa de Contratación permanente do Pleno do Concello de Sanxenxo”.

SEGUNDO: Crear o Órgano de Asistencia denominado “Mesa de Contratación do Pleno”, para os procedementos de contratación do órgano de contratación “Pleno do Concello de Sanxenxo”.



TERCEIRO: Designar como membros da Mesa de Contratación do Pleno, tendo en conta o disposto no artigo 326 e a Disposición Adicional Segunda 7 da LCSP, os seguintes:

- **O Presidente da Mesa:** o presidente do Pleno do Concello de Sanxenxo, Telmo Martín González. Como suplente a primeira tenente alcaldesa-presidenta, a concelleira de planificación territorial e infraestruturas, María Deza Martínez.
- **O Secretario da Mesa:** o tesoureiro municipal, Luís Ángel Sabariz Rolán. Como suplente, a funcionaria da Intervención municipal, Teresa Amado Moldes.
- **Os Vogais:**
 - o O Interventor xeral e de Terra, José Juan Vidal Vilanova. Como suplente, o funcionario da Intervención municipal, Celso Lede Porto.
 - o O Secretario xeral e de Terra, Ángel Luis López Pita. Como suplente, o asesor xurídico do Concello, José Manuel Rey Rial.
 - o O persoal dependente do órgano de contratación, do departamento de Contratación titular, Esther Area Fontán. Como suplente, Carlos Granjel Dios.

Todos os membros da Mesa terán dereito a voz e voto, agás o secretario que só terá voz, pero sen voto, tal e como sinala o artigo 21.6 do Real decreto 817/2009 do 8 de maio.

CUARTO: Proceder o alta dos OA, mediante a Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, así como la de todos os seus membros ou usuarios".-----

5ª) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA MODIFICAR A PLANTILLA DE PERSOAL FUNCIONARIO. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable a proposta da **Comisión de Asuntos Xerais do 19 de maio de 2020.**

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, indicou que se trataba de reforzar o persoal administrativo do concello e, dado que a funcionaria estaba adscrita a "Terra", tífñase que pasar á entidade local.

A Sra. Fernández Agraso voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, quixo deixar claro que só se ía a votar o cambio dunha funcionaria de "Terra" á Policía, precisando que non se lles contestou se estaba de acordo a persoa implicada, engadindo que, a pesar de que crían que na policía existía persoal administrativo suficiente, tamén consideraban que o concello debe ter potestade para reorganizar e optimizar os seus servizos, polo que se ían a abster.

A Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, destacou que este cambio era necesario pola falta de xestión previa, ao non cubrir os postos coa antelación necesaria, significando unha falta de organización interna, á parte da



situación de falta de transparencia respecto da policía municipal, con persoal que incorreu en delitos e tendo en conta que non consideraba seria a política do alcalde de sacar á prensa as horas de traballo dese persoal, engadindo que se ían a abster.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu o referido ditame a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 07 (Grupo Municipal do PS de G-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:**

“A supresión da praza de funcionaria do “OA Terra de Sanxenxo” e a dotación da mesma na plantilla do Concello de Sanxenxo”.....

6º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE SUPRESIÓN TAXA MESAS E CADEIRAS 2020.
O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable a proposta da **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 19 de maio de 2020.**

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular,** sinalou que desde o goberno optouse por paliar, na medida do posible, os efectos da pandemia nos distintos sectores, como o da restauración e, nese sentido, a primeira medida era a supresión da taxa de terrazas no ano 2020.

O **Sr. Torres Pérez, voceiro do Grupo Municipal Mixto,** manifestou o seu acordo coa supresión da taxa das terrazas para axudar a este sector, pero non co feito de que o diñeiro se saque do que estaba previsto para a Casa de Cultura de Vilalonga, parroquia que ten moitas menos terrazas que Sanxenxo e Portonovo e que, por tanto, vaíse a ver menos favorecida pola medida, destacando que se paralizaría por terceira vez este proxecto nos últimos vinte anos.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto,** mostrou a súa conformidade coa proposta, botando de menos a contestación a un escrito seu, cunha serie de puntos respecto das actuacións a seguir no concello como consecuencia do Covid-19, un dos cales era similar ao que se trata agora, engadindo que outro apartado pedía a inclusión en todas as sesións dun punto onde se informase das actuacións realizadas sobre este asunto, para coñecemento de concelleiros e veciños das medidas e o carácter temporal das mesmas, anunciando o seu voto a favor e sinalando que se debía ter certa permisividade, pero con control.

A **Sra. Fernández Agraso voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego,** indicou que estaba de acordo en axudar na medida do posible, informando que era algo transitorio e que na comisión falouse que non era que ese diñeiro íaselle



a sacar a Vilalonga, senón que, de momento, os cartos tiñan que quitarse dalgún lado e, antes do remate do ano, volveríase a poñer na partida correspondente, comentándose mesmo a derogación da Lei Montoro. Finalmente, a concelleira interveniente aludiu a que a permisividade non significa que o goberno non faga o seu traballo e vele porque se cumpra o distanciamento social e o espazo suficiente para o paso dos peóns, anunciando o seu voto a favor da proposta.

A Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PS de G-PSOE, sinalou que estaba de acordo na supresión temporal desta taxa, aludindo a que esta situación víñalle de marabilla ao Partido Popular para xustificar unha nova paralización da obra do Centro Socio Cultural de O Revel, que se volvería a sacar como medida electoral dentro de tres anos. A concelleira no uso da palabra precisou que non cobrar os impostos polas terrazas, non significa que teñan todos os dereitos para prohibilas ou non de forma arbitraria, engadindo que ao Sr. Martín González lle encantan as listas negras e que as persoas que no encaixen no seu perfil non se lles visite, posto que instou aos grandes hostaleiros para que promovesen estas listas, o que lle pareceu rastreiro, porque a situación non está para isto..

O Sr. Guisasola Padín agradeceu o apoio á proposta, explicando que tamén se debían contemplar partidas compensatorias, planteándose a do Centro Socio Cultural de O Revel, á que logo se pode destinar o superávit municipal, sempre que non se confisque polo goberno de España. O interveniente, logo de dicir que non entendía o das listas negras, dixo que había que ter control e responsabilidade, porque o concello non dispón de 200 policía para inspeccionar, engadindo que están vendo local por local e que hai sitios máis favorecidos que outros, pola posibilidade de dispoñer de máis espazo para as terrazas, pero que en ningún caso podía existir o libre albedrío.

O Sr. Torres Pérez explicou que como non foi á comisión, non podía coñecer o que se comentou, preguntando ao goberno municipal se garantía que ao longo do ano se volvería poñer no presuposto a partida para a construción do Centro Socio Cultural de O Revel ou se dependía do que se falou antes que tiña que facer o goberno do Estado, porque se non se pode, non é seguro.

A Sra. Rodríguez Búa reincidiu en que debería existir permisividade con control, que debería haber axudas, non só para o sector hostaleiro e que se debía incluír un punto nas sesións do pleno dedicado só ás medidas a adoptar como consecuencia do Covid-19, sinalando igualmente que, por suposto, tiña que haber responsabilidade, como xa tiveron os empresarios, que mesmo pecharon os seus negocios antes de que fose obrigatorio, chamándolle finalmente a atención o sinalado polo Sr. Guisasola Padín respecto á falta de medios na policía local para inspeccionar as terrazas, cando este ano xa tiñan que facelo pola posta en vigor da nova ordenanza, polo que non é un argumento válido.

A Sra. Fernández Agraso puntualizou que, precisamente, non se podía recorrer ao superávit pola Lei Montoro, aprobada polo goberno do Partido Popular e, no referente á inspección pola policía das terrazas, indicou que se debería coñecer o número de mesas que podía ter cada local, tanto na terraza como dentro, mediante a exposición dun documento, co que o usuario sabería onde sentirse seguro sanitariamente,



evitando inspeccións a posteriori, matizando a continuación que tamén había que pensar en locais que están abertos todo o ano, coa dificultade que iso representa en Sanxenxo e que, por non ter terrazas, non dispoñen de axudas. A concelleira interveniente finalizou a súa intervención para dicir que o certo era que gobernar era priorizar e que, neste momento, o importante era a sanidade e reactivar a economía, polo que se non se pode facer o Centro Socio Cultural de O Revel en tres meses, faríase en seis, mesmo coa posibilidade de incluír esta obra no Plan Concellos do ano que ven.

A **Sra. Fervenza Celestino** explicou que no Consello de Administración de “Turismo”, o Sr. Alcalde dirixiuse ao CETS para propoñerlles a redacción dunha lista de locais aos que se podía ir e outra dos que non se podía, o que non lle parecía de recibo e máis neste momento, en que se debe axudar a todos.

A **Sra. Fernández Agraso** puntualizou que no Consello de Administración de “Turismo”, só está a Sra. Fervenza Celestino de entre os membros da oposición municipal.

O **Sr. Guisasola Padín** dixo que a súa intención era utilizar o superávit para volver a recuperar o financiamento do Centro Socio Cultural de O Revel, sempre que non se conxele polo goberno, motivo polo que non teñen certeza, pero se que no 2023 vai a estar construída dita infraestrutura. A continuación o interveniente sinalou que a gran maioría dos hostaleiros é responsable, pero que nun pobo pequeno como este, con dous que se pasen, xa salta a alarma, matizando que no Real Decreto regulador desta situación, xa se indica que os locais deben ter un escrito de información e que, agora, se está contactando con eles para que presenten un plano.

O **Sr. Presidente** indicou que se vai a proceder á Urbanización do Revel, en Vilalonga, cunha inversión de 1.300.000,00 euros, sendo esta parroquia onde máis se inviste e que, nos tres anos que faltan para completar a lexislatura, íase facer o Centro Socio Cultural, non sendo o importante nestes momentos que se poida tardar tres ou seis meses. O interveniente sinalou que non contestaba as difamacións da Sra. Fervenza Celestino, porque dixo unha falsidade e, manifestou o seu apoio a petición da Sra. Fernández Agraso para que cada local poida dispoñer dun documento co número de mesas e aforo e, aínda que parecía que a ordenanza non o regulaba, trataríase de esixir voluntariamente.

A **Sra. Fernández Agraso** destacou que mesmo existían concellos nos que coa solicitude do local, xa províanse do escrito co aforo do mesmo, porque iso significa que os usuarios saben os locais que dan esta información, engadindo que este documento debe estar fóra, non dentro, para que se vexa ben.

A **Sra. Fervenza Celestino** afirmou que ela non difamou a ninguén e non mentiu, sinalando que nesa sesión do Consello de Administración de “Turismo” estaban moitas persoas.





O **Sr. Presidente** insistiu en que o afirmado pola Sra. Fervenza Celestino é unha falsidade.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a referida proposta da alcaldía a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 16 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 1 (Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito**, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

-“A aprobación da suspensión para este ano 2020 da taxa de ocupación de terreos con mesas e cadeiras dos locais que as coloquen na rúa, tratando de paliar na medida do posible, a grave situación que estamos a vivir derivada do COVID-19”.-----

C) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO DECRETO DA ALCALDIA, DE 27 DE ABRIL DE 2020, MEDIANTE O QUE SE APROBA A LIQUIDACION CONSOLIDADA DE 2019. O **Sr. Secretario** da conta do **decreto da alcaldía de 27 de abril de 2020**, que a continuación se transcribe literalmente:

“DECRETO DA ALCALDÍA PRESIDENCIA

En virtude das miñas competencias como Alcalde Presidente descritas no artigo 191, paragrafo 3º do R.D.L 2/2.004 de 5 de Marzo, realizada a liquidación do presuposto consolidado da anualidade de 2.019 polos servizos económicos do Concello, e remitida a mesma a Intervención Xeral e visto o informe da Intervención Xeral de data 27 de abril de 2.020, SEPROCEDE A APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO DO EXERCICIO 2.019, co contido seguinte:

Examinados en extracto os resultados da devandita liquidación coa seguinte desagregación:

REFERENCIAS BÁSICAS DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DE 2.019 EN CONSOLIDACIÓN (extraídas do informe da Intervención Xeral):



V.-DA CONSOLIDACIÓN

V.1.-DILIXENCIAS PREVIAS:

V.1.1.-Primeira.-*ENTES QUE CONSOLIDAN*: Como temos mencionado nos preliminares deste informe, aos efectos da liquidación so consolidan os entes de natureza xurídico administrativa.

Aos efectos do cálculo da capacidade/necesidade de financiamento e/ou avaliación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade presupostaria computaran ademais as sociedades mercantís que **“non son produtoras de mercado”**. Non obstante non afectan de forma significativa.

Polo tanto só queda excluída NAUTA SANXENXO, S.L e INSULA, xa que como se valorará debidamente na memoria da conta xeral de 2019, ao momento presente están configuradas o sectorizadas pola IGAE COMO unidades de mercado.

FAREMOS POIS O ESCENARIO DE CONSOLIDACIÓN DAS UNIDADES ADMINISTRATIVAS DO ACTUAL PERÍMETRO :

SOAMENTE CON TURISMO. Que é o procedente a data.

| RESULTADO ORZAMENTARIO CONSOLIDADO | CON TURISMO | | | | | 2019 |
|------------------------------------|---------------|---------------|---------------|---------------|--------------------|--------------|
| CON SOCIEDADES MERCANTÍS | Ingresos | Gastos | Desviacións + | Desviacións - | Obrigas Remanentes | RESULTADOS |
| Entidade Local | 24.042.303,75 | 25.264.736,13 | 913.509,34 | 0,00 | 3.988.356,71 | 1.852.414,99 |
| OO.AA. Terra | 5.107.851,88 | 5.107.898,33 | 17.165,63 | 0,00 | 111.381,55 | 94.169,47 |
| OO.AA. Xerencia | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Ínsula | | | | | | |
| Turismo | 1.000.418,05 | 928.620,61 | 51.081,71 | 0,00 | 0,00 | 20.715,73 |



| RESULTADO ORZAMENTARIO CONSOLIDADO | CON TURISMO | | | | 2019 | |
|--|----------------------|----------------------|-------------------|-------------|---------------------|---------------------|
| Eliminacións | 4.276.627,98 | 4.276.627,98 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| CONSOLIDADO | 25.873.945,70 | 27.024.627,09 | 981.756,68 | 0,00 | 4.099.738,26 | 1.967.300,19 |
| Obrigas de anos anteriores con cargo ao corrente | | | | | | 408.511,65 |
| Gastos de ano corrente a imputar a ano seguinte | | | | | | 159.879,35 |
| Resultado orzamentario teórico | | | | | | 2.215.932,49 |
| ELIMINACIÓN TOTAL OBRIGAS | | | | | | |
| CONCELLO A TERRA | 3.510.674,47 | | | | | |
| INSULA A TERRA | 0,00 | | | | | |
| TERRA A TURISMO | 0,00 | | | | | |
| TURISMO A TERRA | 30.000,00 | | | | | |
| CONCELLO A INSULA | 0,00 | | | | | |
| CONCELLO A TURISMO | 735.953,51 | | | | | |
| TERRA A CONCELLO | 0,00 | | | | | |
| TOTAL ELIMINACION CON SOCIEDADES | 4.276.627,98 | | | | | |

NON SE ACUDIU A ENDEBEDAMENTO FINANCEIRO A LONGO PRAZO NO EXERCICIO DE 2019, EN NINGÚN ENTE DEPENDENTE.



V.2.B.-REMANENTE DE TESOURERÍA CONSOLIDADO 2019: SOAMENTE ENTES ADMINISTRATIVOS

| REMANENTE DE TESOURERIA CONSOLIDADO 2019 | E. Local | Sumas E.L. | O.A. Terra | Sumas Terra | Eliminacións | CONSOLIDADO | Suma Consolidado |
|---|----------|----------------------|-------------------|-------------------|--------------|----------------------|----------------------|
| 1. DEREITOS PENDENTES DE COBRO (A + B + C + D) | 1 | 14.379.218,88 | | 808.288,68 | 197.000,00 | | 14.990.507,56 |
| A) ORZAMENTO CORRENTE (430 + 433 + 437) | | 5.414.000,18 | 456.256,54 | | | 5.870.256,72 | |
| B) ORZAMENTOS PECHADOS (431 + 434 + 439) | | 7.984.122,93 | 480.532,33 | | | 8.464.655,26 | |
| C) NON ORZAMENTARIOS (449+565+470+440) | | 1.022.080,75 | 22.177,41 | | | 1.044.258,16 | |
| D) PARTIDAS PENDENTES DE INGRESO (554) | | -40.984,98 | -150.677,60 | | | -191.662,58 | |
| | | 14.379.218,88 | 808.288,68 | | | 15.187.507,56 | |
| 2. Provisións para insolvencias (490 EHA) | 2 | 6.179.393,75 | | 254.173,85 | | | 6.433.567,60 |
| 3. OBRIGAS PENDENTES DE PAGO | 3 | 7.543.436,00 | | 389.829,09 | 197.000,00 | | 7.736.265,09 |
| A) ORZAMENTO CORRENTE (400) | | 3.383.818,56 | 293.465,86 | | 197.000,00 | 3.480.284,42 | |
| B) ORZAMENTO PECHADOS (401) | | 568.468,48 | 7.046,06 | | | 575.514,54 | |
| C) Partidas pendentes Aplicación (555) | | -55.544,43 | 0,00 | | | -55.544,43 | |
| d) Provisións para anticipos de caixa fixa (558) | | 0,00 | 0,00 | | | 0,00 | |
| D) NON ORZAMENTARIAS (410 + 419 + 47 + 522 + 56) | | 3.646.693,39 | 89.317,17 | | | 3.736.010,56 | |
| | | 7.543.436,00 | 389.829,09 | | | 7.736.265,09 | |
| 4. FONDOS LIQUIDOS DE TESOURERIA (57) | 4 | 2.118.325,12 | | 47.184,38 | | | 2.165.509,50 |
| REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1 - 3 + 4) | | 8.954.108,00 | | 465.643,97 | | | 9.419.751,97 |
| REMANENTE AFECTO A GASTOS XERAIS | | 1.574.797,86 | | 193.833,90 | | | 1.768.631,76 |
| REMANENTE AFECTO GASTOS FINANCI. AFECTADO | | 1.199.916,39 | | 17.636,22 | | | 1.217.552,61 |
| OBRIGAS PENDENTES DE APLICAR (CTA. 413) | | | 104.095,36 | | 55.783,99 | | 159.879,35 |
| ACREDORES DEVOLUCION INGRESOS | | | 1.635,16 | | 45,00 | | 1.680,16 |

V.2.D.-AFORRO BRUTO E NETO. CAPACIDADE DE ENDEBEDAMENTO 2019



AFORRO NETO CONSOLIDADO 2019

SOLO ENTES ADMINISTRATIVOS

| DETERMINACION DO AFORRO NETO CONSOLIDADO (CONSOLIDADO). SOLO ENTES ADMINISTRATIVOS | | | | | | | 31/12/2019 |
|--|--|-------------------------------------|--|---------------------|--|----------------------|---------------|
| CAPITULO | DEREITOS RECOÑECIDOS LIQUIDOS ENTIDADE LOCAL | DEREITOS RECOÑECIDOS LIQUIDOS TERRA | DEREITOS RECOÑECIDOS LIQUIDOS XERENCIA | ELIMINACIONS | Ingresos afectados a gastos e/ou superávit | TOTAL | |
| 1 | 9.394.031,74 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 9.394.031,74 | |
| 2 | 582.171,64 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 582.171,64 | |
| 3 | 5.969.083,28 | 940.866,60 | 0,00 | 0,00 | 12.210,85 | 6.897.739,03 | |
| 4 | 4.670.644,82 | 4.160.880,17 | 0,00 | 3.510.674,47 | -53.228,28 | 5.374.078,80 | |
| 5 | 4.510,27 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 4.510,27 | |
| | 20.620.441,75 | 5.101.746,77 | 0,00 | 3.510.674,47 | -41.017,43 | 22.252.531,48 | |
| Computación endebedamento competecial máximo: 75 % s/ total dereitos recoñecidos | | | | | | | 16.689.398,61 |
| Computación endebedamento competecial máximo: 110 % s/ total dereitos recoñecidos | | | | | | | 24.477.784,63 |
| Corto prazo (15%) | | | | | | | 3.337.879,72 |
| Corto prazo (30%) | | | | | | | 6.675.759,44 |
| Débeda actual a corto | | | | | | | 0,00 |
| Débeda actual a longo | | | | | | | 15,15 |
| Débeda total | | | | | | | 15,15 |
| Débeda prevista | | | | | | | 11,81 |



| DETERMINACION DO AFORRO NETO CONSOLIDADO (CONSOLIDADO). SOLO ENTES ADMINISTRATIVOS | | | | 31/12/2019 |
|--|----------------------------------|---------------|---------------|--------------|
| | | | | |
| | Débeda a longo a 31/12/19 | | 3.371.218,54 | 15,15 |
| | Nova operación a corto | | 0,00 | |
| | Debeda total a 31/12/19 | | 3.371.218,54 | 15,15 |
| | | | | |
| AFORRO BRUTO (D - O) | | 22.252.531,48 | 17.926.479,99 | 4.326.051,49 |
| | | | | |
| Xuros da débeda a longo prazo | | | 16.727,84 | |
| Xuros da débeda a corto prazo | | | 0,00 | |
| Nova operación de tesourería | | | 0,00 | |
| Amortizacións actuais | | | 743.742,91 | |
| | | | 0,00 | |
| Intereses nova operación | | | 0,00 | |
| Amortizacións a considerar | | | | 743.742,91 |
| Intereses a considerar | | | | 16.727,84 |
| Operación a corto | | | | 0,00 |
| | | | | |
| AFORRO NETO | | | | 3.565.580,74 |
| | | | | |
| | Eliminacións | | | |
| | Concello a Terra (obrigas) | 3.510.674,47 | | |
| | Terra a Concello | 0,00 | | |
| | | 3.510.674,47 | | |
| | | | | |
| | Dto. Ingresos afectados Terra | 0,00 | | |
| | Dto. Ingresos afectados Xerencia | 0,00 | | |
| | Desviacións positivas cap. III | 0,00 | | |
| | Desviacións positivas cap. IV | 0,00 | | |
| | | | | |
| | Total eliminacións | 3.510.674,47 | | |



| DETERMINACIÓN DO AFORRO NETO CONSOLIDADO (CONSOLIDADO). UNIDADES ADMINISTRATIVAS DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN. | | | | | | | | 2019 |
|---|---------------|---------------|-------|------|--------------|--------------|------------|---------------|
| | 20.620.441,75 | 5.101.746,77 | 0,00 | 0,00 | 1.000.418,05 | 4.276.627,98 | -41.017,43 | 22.486.996,02 |
| Computación endebedamento competencial máximo: 75 % s/ total dereitos recoñecidos | | | | | | | | 16.865.247,02 |
| Computación endebedamento competencial máximo: 110 % s/ total dereitos recoñecidos | | | | | | | | 24.735.695,62 |
| Corto prazo (15%) | | | | | | | | 3.373.049,40 |
| Corto prazo (30%) | | | | | | | | 6.746.098,81 |
| Débeda actual a corto | 31/12/2019 | 0,00 | 0,00 | | | | | |
| Débeda actual a longo | 31/12/2019 | 3.371.218,54 | 14,99 | | | | | |
| Débeda total | 31/12/2019 | 3.371.218,54 | 14,99 | | | | | |
| Débeda prevista | 31/12/2020 | 2.627.475,63 | 11,68 | | | | | |
| AFORRO BRUTO (D - O) | 22.486.996,02 | 18.337.860,81 | | | | | | 4.149.135,21 |
| Xuros da débeda a longo prazo | | | | | | 16.727,84 | | |
| Xuros da débeda a corto prazo | | | | | | 0,00 | | |
| Nova operación de tesourería | | | | | | 0,00 | | |
| Amortizacións actuais | | | | | | 743.742,91 | | |
| Intereses nova operación | | | | | | | | |
| Amortizacións a considerar | | | | | | | | 743.742,91 |
| Intereses a considerar | | | | | | | | 16.727,84 |
| Operación a corto | | | | | | | | 0,00 |
| AFORRO NETO | | | | | | | | 3.388.664,46 |
| Eliminacións | | | | | | | | |
| Concello a Terra | 3.510.674,47 | | | | | | | |
| Insula a Terra | 0,00 | | | | | | | |
| Turismo a Terra | 30.000,00 | | | | | | | |



| DETERMINACION DO AFORRO NETO CONSOLIDADO (CONSOLIDADO). UNIDADES ADMINISTRATIVAS DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN. | | | | | | | | 2019 |
|---|----------------------------------|-------------------------|----------------------------|--------------------------|---------------------------|---------------------|-----------------------------|----------------------|
| | Concello a Turismo | 735.953,51 | | | | | | |
| | Terra a Turismo | 0,00 | | | | | | |
| | Terra a Concello | 0,00 | | | | | | |
| | | 4.276.627,98 | | | | | | |
| | Dto. Ingresos afectados Terra | 0,00 | | | | | | |
| | Dto. Ingresos afectados Xerencia | 0,00 | | | | | | |
| | Desviacións positivas cap. III | 0,00 | | | | | | |
| | Desviacións positivas cap. IV | 0,00 | | | | | | |
| CAPITULO | GASTOS ORDINARIOS ENTIDADE LOCAL | GASTOS ORDINARIOS TERRA | GASTOS ORDINARIOS XERENCIA | GASTOS ORDINARIOS INSULA | GASTOS ORDINARIOS TURISMO | ELIMINACIONES | Gastos afectados a ingresos | TOTAL |
| 1 | 4.972.912,44 | 2.560.653,52 | 0,00 | | 471.863,46 | 0,00 | 3.086,00 | 8.002.343,42 |
| 2 | 7.634.209,23 | 2.360.294,71 | 0,00 | | 456.757,15 | 0,00 | 415.747,48 | 10.035.513,61 |
| 4 | 4.252.725,26 | 168.634,14 | 0,00 | | 51.081,71 | 4.276.627,98 | 0,00 | 195.813,13 |
| | 16.859.846,93 | 5.089.582,37 | 0,00 | | 979.702,32 | 4.276.627,98 | 418.833,48 | 18.233.670,16 |



V.2.E.-NIVEIS DE ENDEBEDAMENTO CONSOLIDADO ENTES ADMINISTRATIVOS OU UNIDADES ADMINISTRATIVAS:

V.2.E.1.-Endebedamento sobre consolidado 2019:

| CONCEPTO | DATA | CONTÍAS | CONTÍAS | % recursos ordinarios |
|--|------------|--------------|-------------|-----------------------|
| Débeda actual a corto | 31.12.2019 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Débeda actual a longo prazo | 31.12.2019 | 3.371.218,54 | | 15,15% |
| Débeda total | 31.12.2019 | 3.371.218,54 | 0,00 | 15,15% |
| Amortización extraordinaria ¹ | 31.12.2019 | -899.960,64 | 0,00 | |
| Nova débeda total | 31.12.2019 | 2.471.257,90 | 0,00 | 11,11% |
| Débeda OP RDL 4/2012 | | | | |
| Débeda longo prazo sen mecanismo pago a provedores (RDL4/2012) | | | | |
| Débeda prevista (soamente considerase a longo prazo) [170/171 H] | 31.12.2020 | 1.727.514,99 | <u>0,00</u> | 7,77 % |


¹ Pagada en 2.020, con cargo al superávit de 2.018 (artículo 32 de la Ley orgánica 2/2012).




| | Débeda total a fin de ano | Débeda a longo prazo | Débeda a corto prazo |
|------|---------------------------|----------------------|----------------------|
| 2005 | 13.534.863,32 | 10.869.479,91 | 2.665.383,41 |
| 2006 | 16.476.774,86 | 14.542.264,47 | 1.934.510,39 |
| 2007 | 17.073.364,67 | 14.628.011,06 | 2.445.353,61 |
| 2008 | 16.008.617,23 | 13.643.810,69 | 2.364.806,54 |
| 2009 | 16.218.095,21 | 13.738.095,21 | 2.480.000,00 |
| 2010 | 13.701.823,44 | 11.985.333,34 | 1.716.490,10 |
| 2011 | 9.120.008,02 | 9.120.008,02 | 0,00 |
| 2012 | 13.127.287,50 | 13.127.287,50 | 0,00 |
| 2013 | 13.620.161,82 | 12.875.161,82 | 745.000,00 |
| 2014 | 13.754.879,47 | 12.054.879,47 | 1.700.000,00 |
| 2015 | 10.359.444,76 | 9.359.444,76 | 1.000.000,00 |
| 2016 | 7.846.766,15 | 7.846.766,15 | 0,00 |
| 2017 | 6.386.582,12 | 6.386.582,12 | 0,00 |
| 2018 | 4.257.605,30 | 4.257.605,30 | 0,00 |
| 2019 | 2.471.257,90 | 2.471.257,90 | 0,00 |
| 2020 | 1.727.514,99 | 1.727.514,99 | ¿ |
| 2021 | 953.490,83 | 953.490,83 | ¿ |



deuda total









| anualidades | Importes concertados | Importe global 2002-2015 | Media 2002-2015 |
|-------------|----------------------|--------------------------|-----------------|
| 2002 | 1.258.000,00 | | |
| 2003 | 2.790.000,00 | | |
| 2004 | 2.325.121,35 | | |
| 2005 | 3.999.570,66 | | |
| 2006 | 2.409.510,39 | | |
| 2007 | 5.055.353,61 | | |
| 2008 | 2.846.184,72 | | |
| 2009 | 5.337.017,16 | | |
| 2010 | 2.774.090,10 | | |
| 2011 | 2.907.000,00 | | |
| 2012 | 2.440.000,00 | | |
| 2013 | 2.500.000,00 | | |
| 2014 | 2.900.000,00 | | |
| 2015 | 1.000.000,00 | 40.541.847,99 | 2.895.846,29 |
| 2016 | 0,00 | | |
| 2017 | 0,00 | | |
| 2018 | 0,00 | | |
| 2019 | 0,00 | | |

Cuarta anualidade consecutiva sen endebedamento a corto prazo

POLO TANTO RESOLVO:

- 1.Examinado o informe da intervención xeral, e a documentación anexa, procedo a aprobar a liquidación do Concello en versión consolidada, cos resultados e magnitudes económicas que obran neste decreto e informe citado.
- 2.Ordenar que se eleve ao pleno da corporación esta liquidación da entidade local, do organismo autónomo Terra Sanxenxo, e da mercantil dependente, como unidade administrativa que é, e asemade a versión consolidada; na próxima sesión que se celebre.
- 3.Que se remita as administracións territoriais pertinentes.
- 4.Darlle, en consecuencia, aprobación á liquidación de cada un dos presupostos separados que integran o xeral da anualidade de 2.019.
- 5.Polo tanto, resolvo dar aprobación a liquidación consolidada de 2.019.
- 6.De acordo ó disposto no artigo 193, parágrafo 4º do artigo 4 do RDL 2/2.004 darase conta ó Pleno na próxima sesión que celebre.
- 7.De acordo ó disposto no artigo 193, parágrafo 5 remitirase copia da liquidación á administración do Estado e da Comunidade Autónoma no menor prazo posible. Eleva-lo informe sobre avaliación da estabilidade presupostaría elaborada pola Intervención, cumprimento da regra do gasto e límite do gasto non financeiro, ao Pleno da Corporación e aos organismos pertinentes.

En Sanxenxo vinte e sete de abril de dous mil vinte.”””

A Corporación deuse por decatada.-----

8º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 05/02/2020 (R. DE ENTRADA NÚM. 2020001163 DO 07/02/2020), COMUNICANDO QUE, CON DATA DO 31/01/2020, SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA O INFORME DO SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2019 O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor do 05 de febreiro de 2020, rexistrado de entrada co número 2020001163 o 07 de febreiro de 2020, que a continuación se transcribe literalmente:

“Téndose emitido informe previo, preceptivo e de obriga legal por esta intervención sobre seguimento do plan de axuste efectuado por este Concello, para acollese ao mecanismo de pago a provedores por importe de 5.059.306,98 euros, e tendo en conta o disposto no artigo 10 do R.D.L. 7/2012 de 9 de marzo, resulta que:

- 1.A orden HAP/2105/2010 de 2 de outubro, no seu artigo 2, outorga ao órgano interventor a facultade exclusiva de emitir informes e remitilos aos organismos correspondentes do Estado, dos referidos na normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- 2.Esta mesma orde, no seu artigo 10, establece a obrigar de remitir, antes do día 15 de cada trimestre, información sobre o seguimento e nivel de cumprimento do plan de axuste
- 3.O xa mencionado artigo 10 do R.D.L. 7/2012 establece que, dos informes do interventor, darase conta ao Pleno da Corporación.

En consecuencia:

Téndose efectuado a obriga mencionada e tendo sido remitido o informe correspondente ao cuarto trimestre de 2019, polo sistema informático ou telemático establecido no Ministerio o día 31.01.20, elévese o mesmo ao Pleno da Corporación aos efectos legais previstos na normativa anteriormente



citada. Sanxenxo, 05 de febreiro de 2020”.

Adxunto a este escrito figuran 167 folios, co selo do concello e numerados do 01 ao 167.

A Corporación deuse por decatada.-----

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 05/02/2020 (R. DE ENTRADA NÚM. 2020001167 DO 07/02/2020), ACHEGANDO INFORME SOBRE EXECUCIÓN TRIMESTRAL DOS ORZAMENTOS SEPARADOS RELATIVOS AO 4º TRIMESTRE DE 2019. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor** do 05 de febreiro de 2020, rexistrado de entrada co número 2020001167 o día 07 de febreiro de 2020, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégase informe sobre execución trimestral dos orzamentos separados relativos ao cuarto trimestre de 2019, coa finalidade de cumprimentar o dereito e deber de subministro de información ao que se refire a Orde ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro e a Orde ministerial EHA/4041/2004 de 23 de novembro. Sanxenxo, 05 de febreiro de 2020.”

Adxunto a este escrito figuran 120 folios, co selo do concello e numerados do 01 ao 120.

A Corporación deuse por decatada.-----

10º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 05/02/2020 (R. DE ENTRADA NÚM. 2020001169 DO 07/02/2020), ACHEGANDO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2019. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor** do 05 de febreiro de 2020, rexistrado de entrada co número 2020001167 o día 07 de febreiro de 2020, que a continuación se transcribe literalmente:

“De acordo ao disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, publicada no B.O.E. o día 6 de xullo, achégolle a V.I. informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento, correspondente ao 4º trimestre de 2019, previstos nesta Lei, coa finalidade de que, por mandato legal e de acordo ao disposto no parágrafo 4, se o estima conveniente e no mesmo xeito que os efectuados nos períodos de dación anteriores, se remita ao Pleno da Corporación.

Os informes que se achegan son os relativos a cada un dos entes separados que integran o Concello de Sanxenxo. En especial remítome ao resumo dos períodos medios de pago e, en definitiva, aos pagos realizados no trimestre que constan no expediente.

Lémbrese a obriga de avanzar cara o cumprimento dos termos legais do novo marco normativo contido no artigo 216 do R.D. legislativo 3/2011 de 14 de novembro sobre prazo de pago (30 días) e devengo de xuros de demora.

A comparativa dos períodos medios de pagos (PMP) e dos períodos medios de pendente de pago (PMPP) entre o 3º trimestre de 2019 e o 4º trimestre de 2019 é a seguinte



| 3º trim 19 | Concello | Terra | Nauta | Ínsula | Turismo |
|------------|----------|-------|-------|--------|---------|
| PMP | 26,46 | 23,85 | 18,53 | 9,39 | 8,21 |
| PMPP | 32,56 | 35,70 | 16,04 | 0,00 | 37,81 |

| 4º trim 19 | Concello | Terra | Nauta | Ínsula | Turismo |
|------------|----------|-------|-------|--------|---------|
| PMP | 24,90 | 21,77 | 13,09 | 15,79 | 31,18 |
| PMPP | 6,33 | 67,55 | 4,83 | 0,00 | 21,34 |

Asemade débese de dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2004, modificada polo Real decreto lei 3/2013, en relación ao disposto no artigo 216 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, normas que, literalmente, din:

“La Ley 3/2004, de 29 de diciembre, fue a su vez modificada por el artículo 33.4 del Real Decreto Ley nº 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo; que literalmente establece:

Artículo 8. Indemnización por costes de cobro: “1. Cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad de petición expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior.

2.El deudor no estará obligado a pagar la indemnización establecida en el apartado anterior cuando no sea responsable del retraso en el pago”.

“Artículo 216. Pago del precio: “1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los términos establecidos en esta Ley y en el contrato, con arreglo al precio convenido.

2. El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

3. El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.



En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

5. Si la demora en el pago fuese superior a cuatro meses, el contratista podrá proceder, en su caso, a la suspensión del cumplimiento del contrato, debiendo comunicar a la Administración, con un mes de antelación, tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en esta Ley.

6. Si la demora de la Administración fuese superior a ocho meses, el contratista tendrá derecho, asimismo, a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen.

7. Sin perjuicio de lo establecido en las normas tributarias y de la Seguridad Social, los abonos a cuenta que procedan por la ejecución del contrato, solo podrán ser embargados en los siguientes supuestos:

a) Para el pago de los salarios devengados por el personal del contratista en la ejecución del contrato y de las cuotas sociales derivadas de los mismos.

b) Para el pago de las obligaciones contraídas por el contratista con los subcontratistas y suministradores referido a la ejecución del contrato.

8. Las Comunidades Autónomas podrán reducir los plazos de treinta días, cuatro meses y ocho meses establecidos en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo”.

Tense comprobado que se ten instaurado o cumprimento efectivo destes preceptos, o que foi sinalado e advertido por esta Intervención dende a entrada en vigor das normas xurídicas de referencia. Sanxenxo, 05 de febreiro de 2020.””

Adxunto a este escrito figuran 19 folios, co selo do concello e numerados do 01 ao 19.

A Corporación deuse por decitada.-----

11ª) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 05/02/2020, COMUNICANDO QUE CON DATA DO 31/01/2020 REMITIUSE ÁO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS A CERTIFICACIÓN DO ESFORZO FISCAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2017. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor do 05 de febreiro de 2020, rexistrado de entrada co número 2020001170 o 07 de febreiro de 2020, que a continuación se transcribe literalmente:

””Con data 31.01.20 remitiuse, vía telemática, ao Ministerio de facenda e administracións públicas a certificación do esforzo fiscal correspondente ao exercicio de 2017. Sanxenxo, 05 de febreiro de 2020.””

Adxunto a este escrito figuran 05 folios, co selo do concello e numerados do 01 ao 05.

A Corporación deuse por decitada.-----



12º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 05/02/2020 (R. DE ENTRADA NÚM. 2020001175 DO 07/02/2020), COMUNICANDO QUE CON DATA DO 31.01.2020 SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O CALCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES, REFERIDO AO 4º TRIMESTRE DE 2019. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor do 05 de febreiro de 2020, rexistrado de entrada co número 2020001175 o 047 de febreiro de 2020, que a continuación se transcribe literalmente:

“De conformidade co artigo 4.1.b) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información, previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, con data 31.01.20, procedeuse a comunicar ao Ministerio de facenda e administracións públicas dito cálculo, referido ao cuarto trimestre de 2020, cuxo xustificante se achega.

Lémbrese a obriga de publicar na páxina web do Concello o período medio de pago a provedores, segundo o artigo 6 do Real decreto 635/2014 (como mínimo trimestralmente).

Recórdase que no caso de incumprimento no sucesivo do período medio de pago iniciárase o procedemento establecido en dita norma xurídica, para que sexa o Estado quen asuma as funcións da tesourería local, procedendo á retención na participación de tributos do Estado.

O incumprimento das obrigas referidas no Real decreto 635/2014 (cálculo, subministro de información ao ministerio e publicación) poderá implicar unha infracción moi grave en materia económico-financiera, regulamentada no artigo 28 da Lei 19/2013 de Bo goberno e transparencia, lembrando que a imposición da sanción, segundo o disposto no artigo 30 da mesma lei, poderá implicar, no seu caso, a inhabilitación para o exercicio de cargos ou funcións públicas, sen prexuízo das responsabilidades penais eventuais. Sanxenxo, 05 de febreiro de 2020.”

Adxunto a este escrito figuran 03 folios, co selo do concello e numerados do 01 ao 03.

A Corporación deuse por decatada.-----

13º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 17/03/2020 (R. DE ENTRADA NÚM. 2020002591 DO 18/03/2020) COMUNICANDO QUE CON DATA DO 13/03/2020 SE REMITIU O CUESTIONARIO RELATIVO Á INFORMACIÓN IMPOSITIVA MUNICIPAL DO EXERCICIO DE 2020. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor do 17 de marzo de 2020, rexistrado de entrada co número 2020002591 o 18 de marzo de 2020, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégase cuestionario relativo á información impositiva municipal do exercicio de 2020, remitida telematicamente con data de 13.03.20. Sanxenxo, 17 de marzo de 2020.”

Adxunto a este escrito figuran 2 folios, co selo do concello e numerados do 01 ao 2.

A Corporación deuse por decatada.-----



14º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 17/03/2020 (R. DE ENTRADA NÚM. 2020002592) COMUNICANDO QUE CON DATA DO 13/03/2020 SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS O MARCO ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO (2020-2023). O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor do 17 de marzo de 2020, rexistrado de entrada co número 2020002592 o 18 de marzo de 2020, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégolle a vostede fe da remisión ao Ministerio de facenda e administracións públicas, o día 13.03.20, do marzo orzamentario a medio prazo (2020-2023), a través da plataforma informática da oficina virtual das entidades locais na páxina web do ministerio.

Coa finalidade da súa elevación ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento. Sanxenxo, 17 de marzo de 2020.”

Adxunto a este escrito figuran 26 folios, co selo do concello e numerados do 01 ao 26.

A Corporación deuse por decatada.-----

15º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DOS ESCRITOS DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATAS 04/05/2020 (R. DE ENTRADA NÚM. 2020003132), 30 DE ABRIL DE 2020 (R. DE ENTRADA NÚM. 2020003201 DO 06 DE MAIO DE 2020) E 08/05/2020 (R. DE ENTRADA NÚM. 2020003267), RELATIVOS Á REMISIÓN DO INFORME DO RESUMO ANUAL DO EXERCICIO DE 2019 Á INTERVENCIÓN XERAL DA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación os escritos do Sr. Interventor de datas 04 de maio, 30 de abril e 08 de maio de 2020, que a continuación se transcriben literalmente:

O que se lle remite de conformidade coa disposición décimo terceira da o Resolución de 30 de xullo de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se ditan instrucións para o exercicio do control financeiro o permanente e coa disposición vixésima da Resolución de 30 de xullo de 2015, da o Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se ditan instrucións para o exercicio da auditoría pública. Sanxenxo, 13 de maio de 2020.””

Adxunto a estes 3 escritos figuran 16 folios, co selo do concello e numerados do 01 ao 16.

A Corporación deuse por decatada.-----

60º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 13/05/2020 (R. DE ENTRADA NÚM. 2020003460 DO 14/05/2020), ACHEGANDO INFORME SOBRE “INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES. INVERSIÓNS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES”.

O **Sr. Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do **Sr. Interventor** do 13 de maio de 2020 o día 14 de maio de 2020, rexistrado de entrada co número 2020003460, que a continuación se transcribe literalmente:

“”Expediente núm.: 17/20

Informe de Intervención: Período de control executado 2.019.

Procedemento:

Asunto:



Investimentos financeiramente sostibles. Inversiones financieramente sostenibles.

Natureza do informe: [] Borrador [] Provisional [X] Definitivo

Documento asinado por: O Interventor

Informe inicial entregado a alcaldía e dado conta do mesmo ao pleno da Corporación.

REMISIÓN AO alcalde-presidente DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO

Mediante o presente dáse traslado/ do informe DEFINITIVO de Control Financeiro realizado por el Interventor en base a con as actuacións previstas no Plan Anual de Control Financeiro aprobado por esta Corporación para o exercicio 2019 e en relación coa seguinte actuación recollida no mesmo:

O que se lle remite de conformidade coa disposición décimo terceira da o Resolución de 30 de xullo de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se ditan instrucións para o exercicio do control financeiro o permanente e coa disposición vixésima da Resolución de 30 de xullo de 2015, da o Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se ditan instrucións para o exercicio da auditoría pública. Sanxenxo, 13 de maio de 2020.””

Adxunto a este escrito figuran 16 folios, co selo do concello e numerados do 01 ao 16.

A Corporación deuse por decatada.-----

61º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 04 DE NOVEMBRO AO 30 DE DECEMBRO DE 2019 (DE RES Nº 2588/2019 A RES Nº 3094/2019) E DENDE O DÍA 02 DE XANEIRO AO 20 DE FEBREIRO DE 2020 (DE RES. Nº 01/2020 A RES. Nº 360/2020). O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía** ditadas dende o **04 de novembro ao 30 de decembro de 2019 (de Res. Nº 2588/2019 a Res. Nº 3094/2019)** e dende o **día 02 de xaneiro ao 20 de febreiro de 2020 (de Res. Nº 01/2020 a Res. Nº 360/2020)**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por decatada.-----

O Sr. Alcalde preguntou se se ía a presentar algunha moción por parte da oposición, sen que se formulase ningunha e anunciando que había dúas do Grupo Popular.

Neste momento, interveu a **Sra. Fervenza Celestino** para aludir a que esta sesión era excepcional e que respondía ao interese do alcalde en facer un pleno a través de videoconferencia, cando se puido facer perfectamente presencialmente, existindo un acordo tácito para facer un pleno con temas puntuais e de corto contido, sen presentación de mocións e, agora, o Partido Popular presenta dúas, o que deixa constancia da realidade na que está este concello e da falta de transparencia e seriedade deste goberno.



1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. A Sra. Martínez Santos, concelleira do Grupo Municipal do PP, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“MOCIÓN DEL GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA LA REACTIVACIÓN ECONÓMICA Y SOCIAL DE LA ADMINISTRACIÓN LOCAL

El Grupo Municipal Popular en el Concello de Sanxenxo, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales desea elevar al Pleno Municipal la siguiente moción para la reactivación económica y social de la Administración Local.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El día 22 de mayo de 2020 se aprobó por parte de la Junta de Gobierno de la FEMP un documento que aborda la reactivación económica y social de la Administración Local.

La Administración Local y su estructura administrativa es la que permite la prestación de determinados servicios en condiciones de máxima proximidad y eficiencia a todo el territorio y a todos los ciudadanos.

El factor de proximidad facilita la máxima agilidad para llegar tanto a todo el territorio como a todos los ciudadanos.

En el citado documento aprobado por la FEMP, se estructura la reactivación económica sobre dos PILARES diferenciados:

El primer PILAR se basa en facilitar el uso integro de los Remanentes de Tesorería para Gastos Generales generados por cada Entidad local, así como la flexibilización de los impactos que tal uso genere en la evaluación de los parámetros de estabilidad presupuestaria, regla de gasto y sostenibilidad financiera, trasladando al subsector local la flexibilización, o incluso la suspensión, en su caso, de las exigencias derivadas del Pacto de Estabilidad y Crecimiento que los órganos procedentes de la Unión Europea han anunciado que van a adoptar para facilitar la recuperación derivada de la pandemia Covid-19.

El segundo PILAR exige la creación y puesta a disposición de los entes locales de tres Fondos, un fondo financiero que pueda ser destinado exclusivamente a la recuperación tanto social como económica, un fondo para el sostenimiento del transporte público colectivo urbano que cubra el déficit generado por este servicio público durante la crisis del Covid-19 y un fondo para la colaboración de las Entidades locales en la gestión del ingreso mínimo vital.

Una vez salgamos de las actuaciones más urgentes de lucha contra esta pandemia, es prioritario sentar las bases para una reforma de la financiación local. A las entidades locales no nos sobra financiación, sino que estos remanentes de tesorería para gastos generales, estos "ahorros", que lo son de nuestros ciudadanos, conforman un recurso financiero inherente a la gestión ordinaria de nuestros presupuestos.



1. PRIMER PILAR

La utilización del remanentes de tesorería para gastos generales para hacer frente a todos los gastos e inversiones que tienen causa en los efectos de la pandemia del Covid-19, evita que las entidades locales tengan que acudir al mercado de capitales para su financiación mediante la concertación de nuevos préstamos que generaría un mayor endeudamiento del Sector Público.

Con cargo al remanentes de tesorería para gastos generales, se están financiando o se financiarán, entre otros:

*La utilización del 20 por ciento del superávit aplicado a fa Política de Gasto 23 "Servicios Sociales y promoción social".

*Los gastos no recogidos en esa política de gasto que en la mayoría de los casos pueden y van a estar registrados en la cuenta 413 (Acreedores por operaciones pendientes de aplicar al presupuesto), que también tendrán que ser asumidas con cargo al remanentes de tesorería para gastos generales cuando se tramite la preceptiva modificación presupuestaria.

* Nuevas necesidades en relación con la pandemia que hay que mantener en el tiempo, programas de desinfección vial y de mobiliario urbano que hay que seguir aplicando durante todo el año.

* Gastos derivados de la instalación de medios técnicos en dependencias de la administración, que posibiliten un control de temperatura a los usuarios de Instalaciones deportivas, culturales, dependencias municipales, así como de adaptación, limpieza y desinfección.

*Gastos derivados de la adaptación de los colegios de infantil y primaria, limpieza y desinfección.

*Adquisición de medios de protección para los trabajadores públicos: Policía local, extinción de incendios, desinfecciones y todo el personal que esté en contacto con los ciudadanos.

*Indemnizaciones por suspensión total o parcial de los contratos. Esto es aplicable a todas las prestaciones en régimen de concesión de servicios o de obras. En este caso, no existe dotación presupuestaria, el concesionario se retribuye con cargo al precio que cobra a los usuarios, por lo que la suspensión del servicio o cierre de las instalaciones, en aplicación de lo previsto en el artículo 34 del Real Decreto Ley 8/2020, con las modificaciones incorporadas por el Real Decreto Ley 11/200 y 17/2020, requiere una indemnización.

*Gastos relacionados con la concesión de ayudas para garantizar el acceso a todos los suministros de primera necesidad (agua, gas, electricidad, alquiler de vivienda, alimentación, etc.).

*Gastos vinculados con las medidas de teletrabajo o prestación de servicios a distancia desde el domicilio de los empleados del sector público local.

*Gastos de adquisición de equipamiento o prestación de servicios informáticos, telemáticos o de comunicación.



*Gastos para la reactivación del comercio, pequeñas y medianas empresas y colectivos culturales.

*Gastos en adaptación de las playas con garantías de seguridad ante el Covid-19.

Y en general, todos aquellos gastos para hacer frente a las situaciones extraordinarias derivadas del Covid 19.

Para garantizar la plena disponibilidad del REMANENTES DE TESORERÍA PARA GASTOS GENERALES, esto es, los "ahorros locales", de modo que las Entidades Locales puedan hacer frente a gastos devengados y todos aquellos que se deriven de la crisis sanitaria del Covid19, se hace preciso que su utilización **no compute en términos de estabilidad presupuestaria y regla de gasto.**

En esta situación de extrema gravedad, si se pretende accionar todos los resortes financieros, de los que dispone el sector local, **debería propiciarse una inmediata reforma legislativa,** de forma que el uso de los remanentes de tesorería para gastos generales no compute en las reglas fiscales, tanto en regla de gasto, como en estabilidad presupuestaria. Dada la gran amplitud de gastos que se podrían insertar, se podría abogar por una referencia general, insertada en el concepto "Gastos derivados de la crisis sanitaria del Covid-19 y todos aquellos asociados al impulso de la actividad económica y productiva para atenuar sus efectos".

2. SEGUNDO PILAR

2.1. FONDO LOCAL DE IMPULSO Y RECUPERACION ECONOMICA Y SOCIAL

Se propone la constitución del Fondo de Impulso para la Recuperación Económica y Social, con destino a todas las Entidades locales, con atención especial a aquéllas que no dispongan de remanentes de tesorería para gastos generales o consideradas en situación de riesgo financiero, y destinado a las acciones locales de recuperación derivados de la pandemia Covid19.

Finalidad: Facilitar recursos a todas las entidades locales para financiar las actuaciones de recuperación social y económica derivada de Covid-19 y la coordinación de estas actuaciones con el Estado y la CCAA.

Destinatarios: Los destinatarios y potenciales solicitantes de recursos del fondo deben ser todas las entidades locales territoriales, tanto las municipales como las supramunicipales, entendiéndose por estas últimas las Diputaciones Provinciales de régimen común, los Consejos y los Cabildos insulares.

Dotación económica, ejercicios de imputación y plazo de ejecución: Un primer bloque de dotación del Fondo estará financiado con recursos del Estado y con cargo a los Presupuestos Generales del mismo. Este tramo debería tener carácter de no reembolsable por parte de los entes locales.

Se propone que el **fondo se nutra con 5.000 M€** para el 2020 y para 2021 se asignará una cantidad no inferior a **1.000 M€** que se acordará con el **Gobierno.**



Un segundo bloque de financiación procederá de la UE: ampliar el fondo anterior con los fondos procedentes de UE, de acuerdo con el porcentaje del gasto local respecto del gasto público total en España (14,16 por ciento). El tratamiento local deberá ser idéntico al que le corresponda al Estado frente a las instituciones comunitarias (transferencia a fondo perdido o préstamo en idénticas condiciones a las que tenga el Estado).

2.2. FONDO PARA EL SOSTENIMIENTO DEL TRANSPORTE PÚBLICO URBANO COLECTIVO

El transporte colectivo urbano de viajeros (TUC), es uno de los servicios de prestación obligatoria para los municipios con población superior a 50.000 habitantes, constituye un derecho de los ciudadanos. A su vez, el Gobierno para distribuir el crédito correspondiente a la Subvención anual del Transporte público urbano colectivo, incluye a los municipios que sean capitales de provincia como también a los municipios que además de tener más de 20.000 habitantes disponga de un número superior a 36.000 unidades catastrales urbanas. Los efectos económicos que la pandemia del Covid-19 ha generado en la utilización de transporte urbano colectivo son devastadores, con unas tasas de caída de usos en el mes de abril del 91%-92%, lo que posiciona al servicio en una situación clara de insostenibilidad económica.

2.3. FONDO PARA LA COLABORACIÓN DE LAS ENTIDADES LOCALES EN LA GESTIÓN DEL INGRESO MÍNIMO VITAL.

En razón de la cuantía que se prevé para el ingreso mínimo vital, la colaboración de las Entidades locales en la implantación y seguimiento del ingreso mínimo vital, precisará de la aprobación de un Fondo propio independiente del remanente líquido de tesorería.

Por lo expuesto, el Grupo Municipal Popular en el Concello de Sanxenxo, presenta la siguiente:

MOCIÓN

- 1 . Promover y apoyar el texto aprobado por la Junta de Gobierno de la FEMP del día 22 de mayo de 2020 resumido en el cuerpo del presente escrito.
2. Dar traslado de este acuerdo al Gobierno de España para que, a través del cumplimiento de todos los puntos de esta propuesta, propicie de forma inmediata las reformas legislativas que sean oportunas. Sanxenxo, 24 de mayo de 2020.”

A **Sra. Martínez Santos** xustificou a tardanza polo feito de que o acordo da FEMP non se adoptou ata o pasado venres e traballouse toda o fin de semana, facéndose a moción o domingo pola noite, tendo por obxectivo solicitar reformas lexislativas en varios ámbitos en beneficio das entidades locais, sobre todo para permitir a utilización do remanente de tesourería.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, non discute que esta moción sexa urxente, pero lembrou que había un acordo previo, xa co goberno cuadripartito, de que todas as mocións de urxencia pasarían a pleno, en cambio, o que



sucede agora é unha arbitrariedade, ao non permitir presentar a oposición mocións, esixindo un prazo non especificado e, en cambio, para esta sesión, con menos de 12 horas, se presentan dúas mocións destinadas a facer a política xeral do PP, polo que, aínda que non ía a votar en contra da urxencia de ningunha moción, presente quen a presente, vaise abster no seu contido, pola arbitrariedade citada.

A Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG, mostrouse de acordo co dito polas Sras. Fervenza Celestino e Rodríguez Búa, explicando que cando os plenos eran as 20:30 horas dos lúns, se esixía a presentación das mocións o venres para que fosen tratadas, é dicir, 3 días e, agora, comunícanse dúas ás 11 da noite do día anterior, o que non é serio, comparando o que esixen para os demais e a falta de autoesixencia para súas mocións, anunciando non obstante, que votaría a favor da urxencia de todas as mocións, fosen xenéricas ou non, engadindo que ela tamén tiña mocións que presentar de todo tipo, pero que non o fixo, precisamente, porque nesta sesión procurábase evitar formalismos e buscar un consenso e, agora, a traizón presentan dúas mocións de corte partidista do PP.

A Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, alegrouse de que estivesen as súas compañeiras de oposición nesa reunión, porque senón pode que a acusaran de difamar, non gustándolle que lle chamen mentireira.

O **Presidente** aludiu a que se esixía un día de antelación para a presentación por rexistro das mocións, agás cando fosen realmente urxentes e isto foi un acordo da FEMP adoptado o venres, en beneficio de todos os concellos e tamén de Sanxenxo, ao que lle poderían corresponder 1.700.000,00 euros, polo que considera que a urxencia está ben xustificada.

A continuación, ao non producirse máis intervencións o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 3 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE).

En consecuencia, e **pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación aprobouse a declaración de urxencia desta moción.**

A Sra. Martínez Santos manifestou que a moción xa a defendeu o Sr. Alcalde coa intervención anterior, posto que se trata dun acordo adoptado na FEMP por unanimidade de todos os partidos políticos, xa que se necesita unha reforma lexislativa, sen trasfondo político, para afrontar gastos de medios técnicos ou de protección, pensando que todos os grupos políticos do concello ían votar a favor.



O **Sr. Torres Pérez, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que, nun principio, se ía a abster, porque non lle quedaba claro o tema, pero escoitadas as intervencións e dado que esas reformas legislativas poden permitir a utilización do superávit é polo que non lle queda mais remedio que votar a favor.

A **Sra. Rodríguez Búa** reiterouse na consideración como arbitraria da actuación do goberno municipal, que cada vez queda en mais evidencia cos argumentos que dan, aludindo a que non traballaron respecto do escrito que a interveniente presentou o pasado día 14, que contiña, como mínimo, dúas medidas moi parecidas, á parte doutras que afectaban directamente a Sanxenxo, non como algunhas do acordo da FEMP, engadindo que, por suposto, está moi de acordo con varios puntos da moción, pero que ía manterse na abstención, como protesta polo que se está a facer por este goberno municipal.

A **Sra. Fernandez Agraso** indicou que primeiro había que lembrar de onde vimos, precisando que a Lei Montoro se aprobou o ano 2012, no goberno do Partido Popular, de maneira que os remanentes de tesoureira dos concellos tiñan que dedicarse obrigatoriamente a amortización de débeda, agás unha porcentaxe discrecionalmente fixado nos presupostos do Estado, que permitía a posibilidade de acudir a investimentos financeiramente sostibles, pero sometidos a uns requisitos moi difíciles de cumprir. A interveniente considera que con retazos da moción está de acordo, pero trátase dun resumo feito polo propio Partido Popular de Sanxenxo, o que considera perigoso, porque non se sabe que partes obviaron, sinalando que, ademais, non se trata dun acordo claro, posto que debía solicitarse directamente a derogación da referida Lei Montoro, para que, agora, as prioridades estean nas persoas e non nos bancos. Proseguiu dicindo que os concellos son administracións adultas, que coñecen as necesidades dos veciños e que non deben estar controlados polo Estado. Por outro lado, no acordo non se teñen en conta as particularidades dos concellos galegos, nomeadamente a dispersión e o avellentamento, posto que son uns acordos feitos en Madrid e pensando nas grandes cidades, cando o interlocutor debía ser a FEGAMP e non a FEMP. A concelleira do BNG tamén sinalou que os concellos debían asumir unicamente as competencias que lle corresponden exclusivamente e non as das outras administracións, finalizando a súa intervención para manifestar que ía presentar unha emenda que, se se aceptase, contaría co seu voto a favor para a moción, propoñendo a substitución dos acordos propostos polos seguintes:

1º) Instar ao Goberno do Estado para que inicie os tramites necesarios para que o Congreso derroge a Lei Montoro.

2º) Instar ao Goberno do Estado para que calquera fondo ou calquera regra de financiamento que se articule, teña en conta as peculiaridades dos concellos galegos, nomeadamente a dispersión e o avellentamento, pedindo que o interlocutor do goberno sexa a FEGAMP.

3º) Instar ao Goberno do Estado para que respecte o reparto competencial e todos os recursos vaian a cubrir necesidades derivadas de competencias propias municipais.



A Sra. Fervenza Celestino indicou que se falaba de que non era cuestión política , o que lle provoca unha gargallada, se se ve o título da segunda moción, referida a derogación da reforma laboral. A concelleira interveniente indicou que a oposición municipal foi completamente leal durante todo o estado de alarma e o goberno non tivo en conta nin unha soa das súas propostas, dende a alcaldía non houbo comunicación nin diálogo e se falta de transparencia e bombo e platillo, en beneficio do Sr. Martín González, o que consideraba unha falta de respecto á oposición, polo que terían unha maneira de actuar distinta despois deste período.

A Sra. Martínez Santos indicou que os concellos da FEGAMP están na FEMP e que os acordos se adoptaron por unanimidade de todos os grupos políticos, sendo necesario reforzar esta postura con acordos dos concellos de apoio, posto que estas reformas legislativas facilitarían que se puidese obter financiamento para facer fronte as necesidades derivadas da crise do Covid-19.

O **Sr. Presidente** sinalou que ían rexeitar as emendas propostas pola Sra. Fernández Agraso, porque o proposto nelas era propio doutra moción que podía presentar, pero non era conveniente mesturala cos acordos propostos pola FEMP, que se pretenden apoiar.

A Sra. Fernández Agraso aludiu a que o BNG presentou mocións nos concellos galegos pedindo a derogación da Lei Montoro con anterioridade a este acordo e lembrou que se trataba dunha moción política, na que non participou a FEGAMP, recalando que coa derogación se pretendía poñer os intereses dos veciños por encima dos intereses dos bancos , planteándose que ía suceder cos concellos que non cumpriron e se tamén terían dereito a isto, o que non consideraba lóxico, finalizando para dicir que se ían abster, por non votar en contra, reiterando o perigo de votar a favor dun resumo feito polo Partido Popular.

O **Sr. Presidente** lembrou que no seu día, o goberno de Tsipras en Grecia, estivo moi de moda e, agora, pregunten alí por ese goberno, indicando que o goberno do Partido Popular en España, ante a crise, tivo que procurar solucións e, nese sentido, a Lei Montoro foi moi positiva, rematando para dirixirse ao Grupo do BNG, indicando que o que propoñían podían plantealo ante o goberno de Madrid, ao que axudaron a investir.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e Sr. Torres Pérez do Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 3 (Grupo Municipal do BNG e Sra. Rodríguez Búa do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e pola **maioría absoluta dos membros de dereito da corporación, a moción resultou aprobada nos termos anteriormente transcritos.**-----



2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR CONTRARIA Á PROPOSTA DE DEROGACIÓN LABORAL DO ANO 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 2019012023 DO 22/11/19). A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“MOCIÓN DEL GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA QUE EL GOBIERNO DE ESPAÑA NO DEROGUE LA REFORMA LABORAL DEL 2012.

El Grupo Municipal Popular en el Concello de Sanxenxo, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales desea elevar al Pleno Municipal la siguiente moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El 20 de mayo de 2020 trascendió el acuerdo entre PSOE, Eukal Herria Bildu y Unidas Podemos - En Comú Podem-Gaŕcía en Común que conllevó a la no obstaculización de la prórroga del Estado de Alarma.

Ef contenido del citado acuerdo se desglosaba en tres puntos.

El primero de ellos hace mención a la derogación íntegra de la Reforma Laboral del año 2012 y en concreto recoge:

"1. Las fuerzas políticas que suscriben este acuerdo se comprometen a derogar de manera íntegra la Reforma Laboral del año 2012 impulsada por el Partido Popular. La derogación deberá ser efectiva antes de la finalización de las medidas extraordinarias adoptadas por el Gobierno en materia económica y laboral derivadas de la crisis originada por el Covid-19. "

A pesar de que posteriormente desde Ferraz, como viene siendo habitual, se rectificaba y se le mandaba a los periodistas la "nota aclaratoria", en la que decía que "se anula el punto primero de dicho acuerdo", que "queda de la siguiente manera": "Derogaremos la reforma laboral. Recuperaremos los derechos laborales arrebatados por la reforma laboral de 2012. Impulsaremos en el marco del diálogo social la protección de las personas trabajadoras y recuperaremos el papel de los convenios colectivos"

Pero también es cierto que a la mañana siguiente el vicepresidente manifestó que se cumplirá estrictamente lo que dice el acuerdo firmado por los tres partidos políticos.

No obstante, volver a colocar en el centro del debate la derogación de la reforma laboral de 2012 es una frivolidad muy cara e inexplicable cuando se trata de salvar de la insolvencia y la quiebra a miles de empresas de sectores claves para el país, como el turismo, la automoción o el comercio, y cuando se trata de asegurar el mayor nivel de empleo posible en sus plantillas. Más que nunca ahora las empresas precisan de resquicios de flexibilidad para minimizar los ajustes y maximizar los recursos. Ahora es imperativo mantener la unidad en torno a la recuperación de la que han participado con su consenso los empresarios. Lo que de verdad está en juego es la supervivencia de la economía y con ella la de miles de empresas, de trabajadores y de familias que ven amenazado su porvenir por la paralización forzosa de la actividad.



Y lo que es más grave es que parte de este "gobierno", y a espaldas del Parlamento y sin el amparo del diálogo social (sin sentar en la misma mesa a empresarios y sindicatos); pacte un acuerdo con una formación que tiene su origen en un grupo terrorista que tanto dolor ha creado en España en los últimos 50 años. Cuando el presidente en reiteradas ocasiones manifestó que nunca llegaría a ningún acuerdo con la citada formación.

Por todo lo expuesto, el grupo municipal popular en el Concello de Sanxenxo presenta la siguiente: **MOCIÓN**

1. Instar al Gobierno de España para que no derogue la Reforma Laboral del 2012 en su totalidad. Con independencia de la libertad que tiene cada gobierno para corregir o reformular una norma. Ya que ésta en su conjunto ha demostrado su eficacia con la creación de más de 3.000.000 de empleo entre el año 2012 — 2016, y además ha sido sobradamente avalada por la Unión Europea.

2. Instar al gobierno y a su presidente a cumplir su propia palabra de que jamás llegaría a un acuerdo con una formación que tiene su origen en un grupo terrorista que tanto dolor ha creado en España en los últimos 50 años. Sanxenxo, 24 de mayo de 2020.”

A **Sra. Deza Martínez** xustificou a urxencia polo acordo, que transcendeu a semana pasada, para procurar a derogación da reforma laboral do ano 2012, así como distintas manifestacións de presidentes de comunidades autónomas do PSOE e de ministros do goberno relativos a este pacto, cun partido como BILDU, para a derogación íntegra dunha lei eloxiada dende a Unión Europea e que permitiu a España recuperar tres millóns de empregos, considerando que, respectando sempre a posibilidade que ten un goberno de modular a normativa existente, a derogación total sería un erro.

O **Sr. Torres Pérez, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestouse en contra da urxencia, porque o proceso pode durar ata un ano, dado que nin no propio goberno están de acordo.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, aludiu a que os propios argumentos dados na anterior moción en favor da urxencia, xogan agora en contra desta declaración, indicando que, a pesar da actitude arbitraria do goberno municipal, ía votar a favor da urxencia, como o faría en todas as mocións que se presentasen para o seu tratamento no pleno.

A **Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG**, dixo que a urxencia da anterior moción pretendeu xustificarse por un acordo da FEMP e, agora, esta, por un acordo entre partidos, matizando que a derogación da reforma laboral xa formaba parte do pacto do BNG para a investidura do Presidente do Goberno e non lle preocupou ao PP, presentando esa moción cun interese político partidario.

A **Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE**, non sabía se ao Sr. Alcalde lle quedou algún complexo cando era deputado estatal de non subir a tribuna para defender políticas estatais e agora tráelas ao concello, cando aos veciños de Sanxenxo interésanlle outras cousas máis próximas, que corresponden cos



problemas que están a vivir, considerando esta actuación como unha chapuza.

A continuación, ao non producirse máis intervencións o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal do BNG e Sra. Rodríguez Búa do Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 04 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e Sr. Torres Pérez, do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, e **pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación aprobouse a declaración de urxencia desta moción.**

A **Sra. Deza Martínez** destacou que o mais importante para os veciños de Sanxenxo é o emprego, estando moi preocupados polo seu posto de traballo e polo futuro dos seus negocios e non se pode dicir que non é importante falar da reforma laboral, engadindo que as mocións as fixeron a concelleira Sra. Martínez Santos e ela mesma, o domingo ata as 11 da noite, logo de que o sábado pola mañá, se recibise o acordo da FEMP, en ningún caso viñeron de Génova. A concelleira interveniente indicou, por outro lado, que Bildu era un partido legal, pero esta semana un presidente de comunidade autónoma socialista dixo que lle producía desolación ver nun mesmo documento as sinaturas de PSOE e BILDU, ademais de que os últimos actos violentos da kale borroka, o único partido que non os condenou, foi BILDU, engadindo que todos os estudos na Unión Europea defenden que a reforma laboral foi boa para España e que, grazas a esta lei e outras promovidas polo PP, se evitou ir a un rescate na anterior crise, o que agora está por ver e a propia Ministra Calviño non ten todas con ela.

O **Sr. Torres Pérez** manifestou que non estaba de acordo en derogar toda a reforma laboral, pero se en parte, porque hai moitos traballadores precarios que o están a pasar mal. A **Sra. Deza Martínez** puntualizou que xa na moción indicaban que estaban en contra da derogación na súa totalidade, respectando o dereito que ten o goberno de reformular calquera norma. O **Sr. Torres Pérez** proseguíu dicindo que non cría que se derogaran todos os puntos, á parte de que no propio goberno non acaban de estar todos de acordo. A **Sra. Deza Martínez** sinalou que o propio vicepresidente do goberno foi o que dixo que se ían respectar integramente todos os puntos do acordo e un deles falaba da derogación total.

A **Sra. Rodríguez Búa** dixo que a declaración de que estiveron traballando ata as 11 da noite non a discute, pero parece, que creen que o seu soldo ven do PP e non dos veciños de Sanxenxo, porque estas mocións defenden un posicionamento político do PP a nivel nacional, lembrando que no seu escrito do 14 de maio solicitaba medidas que afectaban directamente ao concello de Sanxenxo e que non se presentaron como moción, dada a situación na que nos atopamos, sen que se lle contestase nada. Se o PP ou a FEMP presentan un acordo, trabállase ata as 11 da noite, pero ao seu escrito



nin se lle contesta, estando asustada polas prioridades dos concelleiros do PP deste concello. No que respecta ao contido do punto é ben coñecido o posicionamento do seu partido político, pero se ía abster en protesta polo trato que se lle está dando a oposición.

A **Sra. Fernández Agraso** manifestou que non está de acordo con que aquí se traten só os temas de Sanxenxo, porque tamén somos políticos e debemos facer política no Pleno, o que se critica é a maneira de traer as mocións, non o seu contido, sobre o cal, evidentemente, poden discrepar pola ideoloxía, sendo moi san o debate político. En canto ao fondo do asunto non lle estraña o apoio do PP a estas dúas mocións, por canto no seu día o Sr. Martín González, como deputado estatal, votou a favor, tanto desta lei, como da Lei Montoro, pero a interveniente apoiou a derogación, porque na reforma laboral antepúxose a patronal aos traballadores, tendo que esperarse ao texto definitivo, que terá que ser obxecto de consenso e, polo tanto, moito mais plural que o feito polo PP, polo tanto vai a votar en contra da moción, agardando que o goberno consiga sacar unha nova lei que sexa xusta cos traballadores.

A **Sra. Fervenza Celestino** aludiu a que estaba de acordo en falar de política global, pero este non é o momento nin son as maneiras, cando aos veciños de Sanxenxo non lles importa que se fale de Bildu, senón do seu traballo e, dende o concello, temos unha responsabilidade coas familias para tomar medidas que poidan favorecerlas, entendendo que o que se está a facer con estas mocións é un paripé.

A **Sra. Deza Martínez** dixo que parecía que as leis non afectan a todo o mundo, cando é o que mais directamente lle inflúe, en cambio, dende o goberno estatal, o único que importa é seguir mantendo o mando único e así chega a un acordo cun partido como BILDU, porque non só é importante o contido dos acordos, senón as formas dos mesmos e con quen se asinan, o que tamén dixeron membros do propio PSOE.

A **Sra. Rodríguez Búa** non discute a relevancia do acordo, nin que se traia a Pleno para que se discuta, senón a arbitrariedade do PP para descartar que se traten mocións doutros, cercenando o debate, aceptando unhas mocións e outras non, volvendo a lembrar a falta de resposta ao escrito que presentou con medidas concretas a adoptar no concello de Sanxenxo, como a necesidade de dispoñer dun plan municipal de continxencia sanitaria no caso de rebrote.

A **Sra. Fernández Agraso** considerou que non era urxente unha parte do contido da moción, porque ao PP de Sanxenxo non lle preocupou a derogación da reforma laboral cando, fai catro meses, era parte do acordo de investidura a que chegou o BNG co partido socialista, o que realmente lles preocupa e que se asinou con Bildu, aínda que deixa claro que ela era do BNG e non ía a defender, nin moito menos, ao citado partido. A interveniente continuou dicindo que lle gustaba falar de política onde se tiña que facer, como era no Pleno e que tamén ela traballaba, posto que o domingo pola noite, logo de que lle pasasen as mocións, votou varias horas para argumentar o que ía dicir no pleno, posto que non só traballan os concelleiros do PP. Finalmente e, despois de dicir que a ela lle gustaba que a política se fixese de abaixo para arriba e non ao revés, porque os concellos son a administración mais directa e, ás veces, terían que facerlles caso, indicou que agardaba que, despois de negociada e consensuada



cos diversos partidos políticos e axentes sociais, se derogase a reforma laboral, para facer unha norma mais xusta para os traballadores, anunciando o voto en contra á moción do BNG.

A **Sra. Fervenza Celestino** aludiu a que lle causaba desolación que non se expuxese unha soa medida para contribuír a sustentabilidade económica dos veciños nestes momentos, posto que para eles somos os que realmente facemos política, a administración coa que están directamente en contacto e, para reformar as leis, están outras persoas, entendendo que a urxencia de esta moción, con todo o que está caendo, parécelle patético, con textos que en se mesmos son un despropósito e finalizando para dicir que lle gustaría traballar, tamén ata a madrugada, xunto cos concelleiros dos distintos partidos políticos, para achegar solucións nesta situación, anunciando o voto en contra da moción.

A **Sra. Deza Martínez** explicou que, efectivamente, tanto ela como a Sra. Martínez Santos, traballaron o domingo ata as 11 da noite, pero como o fixeron outros moitos días, porque o cargo de concelleiro ou alcalde no goberno municipal supón isto, como saben os que pasaron por estes cargos. En canto ao fondo da moción dixo que a derogación da reforma laboral estaba no pacto de investidura, non só do BNG senón de Podemos pero, a novidade, é que agora fálase de derogación íntegra, entendendo que non era o adecuado nesta situación, independentemente de que se podían retocar algunhas disposicións.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).

Votos en contra: 05 (Grupo Municipal do PSde G-PSOE e Grupo Municipal do BNG).

Votos pola Abstención: 02 (Grupo Municipal Mixto)

En consecuencia e pola **maioría absoluta dos membros de dereito da corporación, a moción resultou aprobada nos termos anteriormente transcritos.**-----

ROGOS: non se formularon.

PREGUNTAS:

1º) O **Sr. Torres Pérez, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, quería saber se o concello tiña constancia de que todos os nenos que solicitaron internet, recibiron os pinchos anunciados dende o goberno municipal.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, intervén para preguntar sobre como se ía facer respecto das preguntas e as súas contestacións.



O **Sr. Presidente** contestou que as preguntas teñen que presentarse por escrito, 24 horas antes do Pleno e responderanse no vindeiro pleno ou por escrito, agás as que a presidencia considerase necesario contestar directamente.

A **Sra. Fervenza Celestino** aludiu a que o dito polo Sr. Presidente parecíalle unha falta de respecto a todos os niveis, engadindo que os plenos telemáticos valen para que o alcalde se escoite a se mesmo.

Sendo as 11:40 horas ausentouse da sesión o Sr. Interventor.

A **Sra. Rodríguez Búa** aludiu a que intentaba manter nas sesións o respecto aos veciños e a compostura, pero entendía o cabreo polas restricións arbitrarias nas mocións e polo cambio producido na contestación das preguntas, posto que, ata o de agora, se contestaban na mesma sesión, agás que non se tivese algunha documentación, caso no que se respondía posteriormente por escrito.

O **Sr. Presidente** lembrou que na anterior corporación, cando estaban na oposición, non se realizou ningunha xunta de voceiros, non se lle contestaban os escritos e o PP, a pesar de ser o grupo maioritario do concello, non estaba presente nos consellos de administración, sinalando entón a **Sra. Rodríguez Búa** que neste concello as xuntas de voceiros son un paripé e que ela é o único membro da corporación actual que non participa en ningún consello de administración, matizando o **Sr. Presidente** que iso sucedía porque non o quixeron os veciños, xa que é o partido que obtivo menos votos, sinalando a **Sra. Rodríguez Búa** que houbo outros partidos, que non entraron na corporación e que obtiveron menos, estando moi orgullosa de cada voto que recibiu.

A **Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal Mixto** indicou que, cando estaba no goberno municipal, sempre respondeu no pleno as preguntas que lle fixeron, outra cousa é o que o realizou o que entón era o alcalde, pero tan mal non lle debeu parecer ao Sr. Martín González, porque o fixo primeiro tenente de alcalde.

A **Sra. Fernandez Agraso** pregunta como se van a facer as diversas seleccións de persoal como de socorristas, auxiliares de policía, etc.

A **Sra. Fernandez Agraso** indicou que se informou de que houbo 7.517 incidencias da policía nesta crise e 1.102 de emerxencias, preguntando se nesa cifra entraban as relacionadas só directamente coa enfermidade ou tamén as celebracións de aniversarios

A **Sra. Fervenza Celestino** reiterou que o producido era unha falta de respecto absoluto á oposición.

O **Sr. Presidente** contestou, respecto da pregunta do Sr. Torres Pérez, que se entregaron todos os pinchos solicitados nunha maneira correcta, o que reiterou a **Sra. Lago Martínez**.

O **Sr. Presidente** respondeu, respecto da primeira pregunta da Sra. Fernández Agraso, que a selección de persoal farase coma sempre, constituíndo unha bolsa da que se irá tirando, estándose a facer dende "Turismo".



O **Sr. Presidente**, respecto da segunda pregunta da Sra. Fernández Agraso, contestou que descoñecía se estaban incluídas nas incidencias as situacións aludidas pola interpelante, pero precisou que, neste período, polo servizo municipal de emerxencias entregáronse moitas máscaras e alimentos a persoas necesitadas, mentres que o control das rúas o realizou a policía, con máis de 8.000 intervencións e 45 expedientes sancionadores cunha porcentaxe inferior ao 1%.-----

Sendo as once horas e corenta e cinco minutos, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE**:

